

A xornada *Emprender baixo a fórmula cooperativa* enmárcase no programa de actuación 2014 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- **Foméntase o espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- **Préstase apoio directo** á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



Inscrición:

A xornada ten carácter gratuíto.

Prazo de inscrición: ata o 17 de decembro de 2014

Entregarase diploma de asistencia

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico no teléfono 981 55 80 08 ou en info@eusumo.coop

Máis información en

981 558 008 info@eusumo.coop www.eusumo.coop



Xornada EMPENDER BAIXO A FÓRMULA COOPERATIVA

UNHA BOA OPCIÓN DE EMPRENDEMENTO



18 de decembro de 2014
LUGO

Fundación CEL

Viveiro de Empresas,
Pazo de Feiras E Congresos de
Lugo,
El Palomar s/n, 27004 Lugo

Coordenadas: 43.0040818,-7.567836

[Mapa da súa localización](#)

que finalidade ten esta xornada?

Esta xornada pretende amosar as **vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa** como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais:

- Achegar o modelo cooperativo a persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e particularidades.
- Achegar aos participantes experiencias reais de cooperativas.
- Coñecer os pasos para crear un proxecto cooperativo.
- Mostrar os recursos e ferramentas a disposición do impulso ao cooperativismo.



a quen vai dirixida?



Esta xornada pretende achegar o modelo empresarial cooperativo a **persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.**

programa

10:00h Presentación da Rede Eusumo e da Fundación CEL como centro de atención e asesoramento cooperativo 2015

D. Xoan Concheiro Subdirector Xeral de Cooperativas e Economía social

D. Luís García Santalla, Presidente executivo da Fundación CEL

10:15h Coñecendo a fórmula empresarial cooperativa

Alexandre Pereira. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- As cooperativas como modelo empresarial: Características e particularidades das cooperativas, entorno cooperativo, principios e valores cooperativos.
- Tipos de cooperativas: escolle a que mellor se adapta as vosas necesidades e expectativas.
- Diferenzas con outras fórmulas xurídicas.

11:45h Pausa

12:00 Caso de éxito Cooperativo: Preguntémoslle as cooperativas sobre a súa experiencia

Xister Enxeñería Rural S. Coop. Galega

12:30h Vós tamén podeades ser emprendedores

Javier Germade . Consultor de Traballo e Emprendemento.

- Factores de éxito para emprender. Por onde empezar.
- Emprender en equipo ou individualmente, qué che interesa máis.
- Satisfai a vosa idea algunha necesidade real.
- Hai xente disposta a pagar polo que ofrecedes.

13:15h Ferramentas e apoios existentes para o cooperativismo

Jose Baqueiro. Coordinador da Rede Eusumo.

Rodolfo Ojea. Coordinador da Fundación CEL.

- Quen e como che poden axudar a crear unha cooperativa.
- Como poderías aproveitar as subvencións e incentivos específicos dos que disfrutan as cooperativas.
- “Viveiros de Empresa. Un arranque mais doado para a vosa cooperativa”

14:00h Pecho do obradoiro